

Vigo, Galiza, a 20 de xuño de 2023

**Sra. Ana Ortiz Álvarez,
Delegada Territorial da Xunta de Galiza en Vigo**

Señora Delegada:

O seu nomeamento como nova Delegada Territorial da Xunta na maior cidade galega ten que ser algo máis que un mero relevo de persoas. Neste sentido, malia non albergar esperanza de que así sexa tras a experiencia das persoas que a precederon no cargo, queremos acreditar na posibilidade de que se poida abrir un cambio de ciclo que poña fin, dunha vez por todas, á política de total e deliberado abandono que o Goberno galego do Partido Popular aplica en contra da cidade de Vigo desde o ano 2009.

Unha situación que prexudica gravemente á poboación da cidade e da área urbana de maior importancia do noso País, e que se manifestou de maneira evidente na falla de investimentos e na deserción das competencias que o Goberno galego ten de exercer tamén en Vigo.

Dirixome a vosté para lle esixir, en nome do Bloque Nacionalista Galego pero recollendo un masivo clamor social entre as viguesas e vigueses, unha rectificación tan urxente como profunda, que rache coa sistemática desatención das necesidades desta cidade na que habitamos oficialmente 292.374 persoas, pero na que viven e traballan moitos millares máis. Emporiso, a Xunta de Galiza ten que deixar de utilizar a permanente confrontación partidista co actual Goberno municipal como coartada para non exercer as súas competencias e responsabilidades na principal cidade do noso País.

Unha emenda que, no inmediato, ten que pasar por atender cuestións importantes e urxentes como:

1. O desbloqueo da incorporación de Vigo na rede de transporte metropolitano, atinxindo un acordo co Concello de Vigo que resolva a diferenza tarifaria no tramo urbano, para garantir un mesmo prezo desde calquera procedencia.
2. Desbloquear a efectiva posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo, impulsando un calendario definido de traspaso de competencias e recursos ao novo ente por parte das restantes administracións.
3. Un compromiso real para a construción dun Instituto de Educación Secundaria no barrio de Navia que este operativo para o curso 2024-2025.

4. A elaboración, coa participación activa da comunidade educativa e co máximo consenso, dunha nova zonificación escolar que non privilexie os centros privados-concertados.
5. Mellora das infraestruturas e equipamentos dos centros escolares públicos da cidade e o reforzo dos servizos complementarios, así como da atención ao alumnado NEAE.
6. Aumento da oferta presencial de titulacións de Formación Profesional nos centros da cidade.
7. Paralizar a conversión do Instituto Audiovisual de Vigo en centro integrado de FP, atendendo o clamor da comunidade educativa contra esta decisión.
8. A recuperación do proxecto inicial para o Centro de Saúde de Bouzas, con como mínimo 6 consultas de atención primaria, servizo de pediatría e traballadora social, e a súa efectivización coa maior celeridade.
9. Dotar de máis recursos o conxunto da atención primaria na cidade garantindo a atención médica presencial e, nomeadamente, no caso da pediatría.
10. Reforzar con máis medios humanos o Punto de Atención Continuada e poñer en marcha dous novos PAC en Teis e en Navia-Coia.
11. Atender o clamor social contra a privatización da xestión do Hospital Álvaro Cunqueiro, rescatando a súa actual concesión dotándoo de máis medios humanos e materiais, facendo gratuíto o seu aparcamento, mellorando de maneira substancial os servizos non hospitalarios (alimentación, etc.) e actuando nos accesos e contorna do hospital.
12. Promover a absorción do Hospital Povisa na rede pública do Sergas e, entre tanto, garantir as mesmas ratios de persoal e iguais condicións na prestación de atención sanitaria no marco do actual concerto singular.
13. Poñer en marcha o proxecto para a creación dun segundo centro residencial para persoas con parálise cerebral.
14. Acordar co Concello de Vigo e cofinanciar a mellora da Estación Potabilizadora do Casal.
15. Promover de maneira activa a implementación do tren de proximidade (cercanías) que conecte Vigo con Pontevedra e Tui, reforzar o transporte de Ría e cofinanciar a posta en marcha dunha liña de autobús directa co aeroporto de Peinador.
16. Volver poñer en marcha o Comité de Rutas apostando polo desenvolvemento de Peinador nun sistema aeroportuario galego, coordinado e baseado na especialización das tres terminais galegas.
17. Paralizar calquera novo proxecto de recheo portuario na Ría de Vigo e revertir o último realizado, de maneira innecesaria e arbitraria, no Berbés.
18. Atender a situación de emerxencia laboral e produtiva, poñendo en marcha un Plan de Reindustrialización da Comarca de Vigo e un Centro de Reparacións Navais na Ría de Vigo, que inclúa a creación dun Centro de Reparacións Navais con participación pública e un Centro Metropolitano para o Impulso Tecnolóxico.
19. Despregar un maior investimento da Xunta en obras de melloras dos cascos históricos da cidade e multiplicar por dez a dotación orzamentaria para a capitalización do Consorcio do Casco Vello.


20. Un maior compromiso efectivo co desenvolvemento do Campus do Mar na ETEA.
21. Atender demandas históricas da cidade en materia de infraestruturas: Túnel de Xulián Estevez ou prolongar o túnel de Beiramar desde o Berbés até Bouzas.
22. Mellorar o acondicionamento de todos os viais de titularidade autonómica que decorren pola cidade.
23. Completar a ampliación da ESAD.
24. Contribuír á posta en marcha dun Parque de Vivendas Sociais en Vigo, para asegurar unha alternativa habitacional digna na cidade ás familias en risco de desafiuzamento, e facilitar o alugueiro social.
25. Financiar un Plan de Rexeneración Integral da Ría de Vigo, incluíndo a colaboración na implementación da separación de augas pluviais na rede de saneamento da cidade.
26. Posta en marcha dun Plan Integral de recuperación das zonas afectadas polos lumes e un maior apoio ás Comunidades de Montes.
27. Aumento substancial da oferta de prazas públicas de escolas infantís.
28. Construción de novos centros de día, residencias de maiores e pisos asistidos na cidade.
29. Executar o convenio subscrito en 2008 para a reforma integral das pistas de atletismo de Balaídos.
30. Implantar as gardas de 24 horas nos Xulgados de Vigo.

O enumerado son apenas 30 exemplos concretos das necesidades reiteradamente ignoradas polo Goberno galego, e que lle pido que transmita no meu nome ao seu Presidente, Alfonso Rueda Valenzuela.

As 292.374 galegas e galegos que vivimos en Vigo, non merecemos menos.

Un saúdo.

Atte.



Xabier P. Igrexas

Portavoz municipal do BNG no Concello de Vigo